

No clima mediterráneo os veráns son cálidos, as súas temperaturas son superiores aos 22° de media, e as precipitacións son escasas e de tipo treboento pola calor intensa que experimenta esta área durante a época estival. O mar Mediterráneo ao ser un mar continental ten as súas augas quentes durante o verán e acumula moita enerxía o que alimenta procesos de cicloxénese que desembocan en fenómenos treboentos e de chuvias intensas no outono. A baixa presión térmica que se crea sobre o Mediterráneo froito da intensa evaporación pola calor acumulada no verán combinada cun embolsamento de aire frío nas capas altas garante violentas precipitacións que provocan o desbordamento de ríos e inundacións. Estes contrastes tan potentes entre unha acentuada aridez estival e chuvias concentradas no comezo do outono son característicos do litoral mediterráneo español. Dende a costa catalá ata a costa almeriense o total de precipitación caída vai diminuindo de valores moderados a escasos. No sueste español o nivel de aridez é considerable, sendo o punto de partida dunha diagonal de desertización que avanza cara o interior peninsular. Así pois podemos considerar que un verán cálido e seco é algo propio da área litoral mediterránea e o interior peninsular, pero o que está a ser cada vez máis un síntoma do quecemento global é a frecuencia das vagas de calor. (1,25 puntos)

Como dí o artigo as vagas de calor son cada vez máis duradeiras, máis intensas e afectan a máis territorio o que pode converter á península nun espazo hostil nos veráns. Desa situación só quedan a salvo o norte e noroeste peninsular bañados polo Océano Atlántico e o mar Cantábrico. A estatística é contundente. Neste século levamos batidos moitos récords: Os 10 anos máis cálidos da serie histórica son deste século. Os científicos teñen claro que a actuación humana ao queimar os combustibles fósiles está liberando gases de efecto invernadoiro. Os 200 anos de industrialización está a crear unha campá de gases (CO₂, metano...) que impiden que os raios solares que quantan a superficie da Terra e que saen rebotados da mesma poidan saír de novo ao espazo exterior pois en realidade son atrapados pola campá de gases e volven á superficie provocando un incremento de temperatura. Ese quecemento da superficie está a fusionar os xeos dos glaciares e, sobre todo, das latitudes polares incrementando o nivel do mar co risco de inundación de zonas costeiras e ameazando a existencia de numerosas illas do Pacífico. No caso español moitos lugares costeiros do Mediterráneo e tamén do Atlántico están a experimentar a desaparición progresiva de praias e infraestruturas portuarias. As vagas de calor e o avance do mar poden poñer en perigo moitos negocios turísticos da área mediterránea. Sabemos ademais que existen altas probabilidades de que ese desxeo poida curtar a corrente quente superficial que chega dende o golfo de México e que propicia que teñamos invernos suaves nas costas occidentais europeas. Aínda que este escenario sexa unha mera hipótese poderíamos consideralo como unha consecuencia máis do quecemento global. Aínda que moitos poidan poñer en dúbida o cambio climático, os científicos teñen cada vez máis evidencias de que a actividade humana é un acelerador dos trocos que estamos a experimentar que se traducen en veráns moi cálidos e fenómenos treboentos de moita violencia con microtornados no mar. (1,25 punto)